paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.


Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:


- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Jesús Muñiz Orellán**, de datas 24/11/2016, 01/0/2017 e 01/03/2017 (Rexistros de entrada nº 15.367, 1.538 e 3.237), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, planta primeira e baixocuberta, sita na Avda Miguel Rodríguez nº 31, Riveira en parcela con refª catastral nº 0519901NH0101N0001JF.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 03/03/2017, ao disposto no informe técnico da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 09/02/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 01/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. Jesús Muñiz Orellán **LICENZA DE OBRAS (Nº 29/17)** para **DEMOLICIÓN E CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E BAIXOCUBERTA** sita na Avda Miguel Rodríguez nº 31, Riveira en parcela con refª catastral nº 0519901NH0101N0001JF, nos termos do Proxecto Básico Modificado II de febreiro de 2017 redactado por Amancio Losada Vicente, (arquitecto col. 1.463):






- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxas sitas ao longo dos viais, refléxase unha superficie de cesión en total de 59,70 m²), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 4.506,45 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.





- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados





como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:


- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*


VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Rosa Gómez Crujeiras**, de data 09/06/2017 (Rexistro de entrada nº 9.812), no que solicita información urbanística en relación a calificación de rústica de finca sita en lugar de Saiñas, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 13/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:





1.- A finca nº 1221 do polígono 7 de Catastro de rústica atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico de protección ordinaria**.

2.- No presente caso seralle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira desta lei.

3.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo 31.1 da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, e na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

Artigo 31. *Concepto e categorías*

1. Terán a condición de solo rústico:

- a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.
- b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.
- c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.


2.- Visto o escrito presentado por **Manuel Ingerto Lopez**, de data 09/06/2017 (Rexistro de entrada nº 9.834), no que solicita certificación urbanística en relación a edificación sita en Deán Pequeno, 53, Riveira.


A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 13/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

INFORME:

1.- En relación ao escrito de data de entrada neste rexistro de 9 de xuño de 2017 (n.r.e.: 9834), debo manifestar que esta cuestión xa foi contestada recentemente, concretamente existe un informe propio de data de 9 de decembro de 2016.

2.- Polo tanto, acompañamos copia do informe anterior (DOC. ANEXO Nº 1), de data de 9 de decembro de 2016, e no que se aclara a situación urbanística da vivenda e o réxime de aplicación á hora de acometer obras sobre a mesma, e entendendo este





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

informe como válido aos efectos oportunos, toda vez que a situación urbanística da parcela mantense; posto que non houbo alteración no planeamento municipal, nin tampouco na lexislación urbanística.

3.- E a modo de aclaración, debemos de indicar que a Lei 9/2002 (LOUG) está a día de hoxe derogada, pola entrada en vigor da Lei 2/2016, que a substitúe. E que o artigo 103 da xa derogada LOUG, e coa redacción operada pola última modificación da mesma (Lei 2/2010) dispoñía no seu apartado 4, que cando se concedan licenzas a edificacións sometidas ao réxime de fora de ordenación, os Concellos deberán de comunicarlle ao rexistro da propiedade esta circunstancia, para efectos da súa constancia, as limitacións e condicións especiais na concesión de licencias en edificacións fóra de ordenación.

DOC. ANEXO Nº 1

COPIA DO INFORME DE DATA DE 9 DE DECEMBRO DE 2016

“ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA E RELATIVA Á SITUACIÓN URBANÍSTICA DUNHA EDIFICACIÓN EMPRAZADA NA RÚA DEÁN PEQUENO Nº 53, RIVEIRA.

ENTRADA: 14854

SOLICITANTE: MANUEL INGERTO LÓPEZ.

ANTECEDENTES:

Con data de 1 de setembro de 2016 A XGL toma coñecemento do informe urbanístico emitido por este técnico e relativo ao asunto que encabeza o presente informe, aos efectos de darlle traslado do contido do informe ao interesado. O acordo xunto co informe foi recibido polo interesado en data de 17.10.2016.


Posteriormente, xa con data de 11.11.2016 o interesado presenta novo escrito, e no que manifesta o seu desacordo sobre o contido do informe emitido polo arquitecto municipal de data de 30 de agosto do presente ano, polo que en atención as consideración contidas no seu escrito, se solicita se emita novo informe.


A continuación emitimos informe urbanístico sobre a citada edificación, e coa oportunas referencias aso aspectos sinalados no escrito do solicitante.

INFORME:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpreme informar o seguinte:

1) *A finca indicada no encabezamento, que se corresponde coa referencia catastral: 0427113NH0102n0001UI, atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. Seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.*





2) Sobre a citada finca, e de acordo cos datos de Catastro, aséntase unha edificación de uso residencial de 100 m² construídos (PB + BC), e cunha antigüidade superior a 70 anos. Esta edificación ten o seu acceso polo vía de entrada ao lugar de Deán Pequeno. Concretamente a mesma está identificada co número co 53 do lugar.

3) Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza 6.1 do PXOM, na que rexen as condicións urbanísticas que se especifican no artigo 155 do planeamento municipal. Debemos significar que no seu apartado 2.2. "Condicións de ocupación" a presente ordenanza, establece o seguinte ao respecto:

"Posición-Retranqueos. La línea de edificación exterior coincidirá con las alineaciones definidas en los planos de ordenación, tendrá en general carácter obligatorio.

En los casos en los que los planos no estén definidos con precisión se conservarán las existentes, pudiendo el Ayuntamiento establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras de planeamiento previstas para este fin, cuando pueda derivarse mejoras para las condiciones del espacio público y para las condiciones de edificación de las parcelas.

..."

4) No presente caso plano de ordenación, a escala 1/2000, sinala aliñación gráfica polo lado da avenida de Ferrol, recollendo a liña desta fachada, pero sobre o vial interior (rúa Deán Pequeno) non sinala aliñación gráfica.

5) Xa en alusión ao manifestado no apartado 2.2. da ordenanza 6.1, queremos sinalar que "en los casos en los que los planos no estén definidos con precisión se conservarán las existentes". Non obstante, no presente caso non é que este aliñamento (vía de acceso ao lugar de Deán Pequeno) non estea definido con maior ou menor precisión na cartografía oficial; sinxelamente non se sinala graficamente o aliñamento exterior que implica a este vial urbano.

6) Para estes supostos, por outra banda moi frecuentes na cartografía dos planos de ordenación de solo urbano (escala: 1/2000), aplicaremos de xeito complementario o disposto ao respecto polo artigo 89 ("Viaro y alineaciones") PXOM, que é precisamente o obxecto do presente artigo. Para o presente caso, como moi ben se expón no meu anterior informe de 30 de agosto do presente ano, aplicaráselle unha aliñación de 4 metros ao eixo da vía. Esta aliñación oficial invade ou monta sobre boa parte da edificación existente; ou sexa que a edificación está a invadir a aliñación é provocando que a mesma se atope na situación xurídica de fora de ordenación total, tal e como establece ao respecto o artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a saber:

Artigo 90. Edificios fóra de ordenación

1. Os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estaren afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación.

Nestas construcións só poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio.





7) Polo que a tenor do exposto e partindo da situación urbanística do inmovible, tan só cabe sinalar que sobre a mesma tan só se poderán autorizar as obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.

Riveira, a 9 de decembro de 2016.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto Municipal."

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.


Visto o expediente que se tramita a instancia de **Elena Sampedro Sampedro**, mediante escritos de datas 20/04/2017 e 05/05/2017 (Rexistros de entrada nº 6.477 e 7.222), nos que solicita licenza de agrupación e posterior parcelación de fincas con refª catastrais nº 15074A014005500000KJ - 15074A014005510000KE - 15074A014005520000KS, sitas no lugar de O Cruce, Carreira, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto, no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 08/05/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/06/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- CONCEDER á Sra. Elena Sampedro Sampedro a **LICENZA DE AGRUPACIÓN e POSTERIOR PARCELACIÓN DE FINCAS (Nº 4/17)** sitas no lugar de O Cruce, Carreira, Riveira, solicitada nos termos do Estudio Técnico de Agrupación e posterior Parcelación de fincas de abril de 2017, Plano Situación Final Modificado de abril de 2017 redactados polo EnxeñeiroTécnico Forestal (Col. nº 1.153) Sr. Daniel Antonio Martínez Fernández do seguinte xeito:

- **FINCAS INICIAIS: FINCA A:** Coñecida como "Burgo Nº-1", con refª catastral nº 15074A014005500000KJ de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 684,58 m², que linda: Norte antigo camiño de servizo, en plano máis alto; Sur Mª del Carmen Casais Gude; Este estrada CP-7305 (Carreira-Aguiño); Oeste finca seguinte. **FINCA B:** Coñecida como "Burgo Nº-2", con refª catastral nº 15074A014005510000KE de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 534,52 m², que linda: Norte antigo camiño de servizo, en plano máis alto; Sur Mª del Carmen Casais Gude; Este finca anterior; Oeste finca seguinte. **FINCA C:** Coñecida como







"Burgo Nº-3", con refª catastral nº 15074A014005520000KS de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 618,20 m², que linda: Norte antigo camiño de servicio, en plano máis alto; Sur Mª del Carmen Casais Gude; Este finca anterior; Oeste finca seguinte. **FINCA D:** Coñecida como "Burgo Nº-4", con refª catastral nº 15074A014005530000KZ de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 770,80 m², que linda: Norte antigo camiño de servicio, en plano máis alto; Sur Mª del Carmen Casais Gude; Este finca anterior; Oeste Vivenda e varias fincas de Mª Josefa Parada Gude.

- **A FINCA RESULTANTE TRAS A AGRUPACIÓN** conta cunha superficie de 2.608,10 m², que a súa vez **PARCÉLASE EN 5 FINCAS** resultando finalmente:
- **FINCA A:** Propiedade da Sra. Elena Sampedro Sampedro, de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 567,76 m², que linda: Norte antigo camiño de servicio, en plano máis alto; Sur Finca B resultante da parcelación; Este estrada CP-7305 (Carreira-Aguiño); Oeste finca da Sra. Mª Josefa Parada Gude.
- **FINCA B:** Propiedade da Sra. Elena Sampedro Sampedro, de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 510,01 m², que linda: Norte finca A resultante da parcelación; Sur finca C resultante da parcelación; Este estrada CP-7305 (Carreira-Aguiño); Oeste vivenda e finca da Sra. Mª Josefa Parada Gude.
- **FINCA C:** Propiedade da Sra. Elena Sampedro Sampedro, de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 510,02 m², que linda: Norte finca B resultante da parcelación; Sur finca D resultante da parcelación; Este estrada CP-7305 (Carreira-Aguiño); Oeste vivenda e finca da Sra. Mª Josefa Parada Gude.
- **FINCA D:** Propiedade da Sra. Elena Sampedro Sampedro, de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 510,29 m², que linda: Norte finca C resultante da parcelación; Sur finca E resultante da parcelación; Este estrada CP-7305 (Carreira-Aguiño); Oeste vivenda e finca da Sra. Mª Josefa Parada Gude.
- **FINCA E:** Propiedade da Sra. Elena Sampedro Sampedro, de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 510,03 m², que linda: Norte finca D resultante da parcelación; Sur Mª del Carmen Casais Gude; Este estrada CP-7305 (Carreira-Aguiño); Oeste finca da Sra. Mª Josefa Parada Gude.

Segundo.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas





polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 205,46 m², resultando na franxa sita na Finca A unha superficie de cesión de 55,84 m², na franxa da Finca B unha superficie de cesión de 43,77 m², na franxa da Finca C unha superficie de cesión de 37,54 m², na franxa da Finca D unha superficie de cesión de 35,70 m², na franxa da Finca E unha superficie de cesión de 32,61 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

Terceiro.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

Cuarto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*


XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **Cipriano Martínez Ayaso**, de data 12/06/2017 (Rexistro de entrada nº 9.978), no que solicita ampliación de vao permanente (3 metros máis) para a entrada ao garaxe do inmovible sito na da Rúa Nova, nº47 (Castiñeiras).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 16/03/2017 polo que se concede a Cipriano Martínez Ayaso autorización para a





instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible sito na Rúa Nova, nº47 (Castiñeiras).

Observado un erro de interpretación do informe policial, de data 07/03/2017, na redacción do citado acordo de concesión de vao permanente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda a subsanar o citado erro resultando o acordo tal como segue:

*"Visto o escrito presentado por **Cipriano Martínez Ayaso**, de data 06/03/2017 (Rexistro de entrada nº 3.469), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito na da Rúa Nova, nº47 (Castiñeiras).*

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 07/03/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Conceder a Cipriano Martínez Ayaso autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (6,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible sito na Rúa Nova, nº47 (Castiñeiras).

Deberá reforzarse a sinalización vertical delimitando o espazo con marca vial amarela lonxitudinal discontinua (3,00 m) que delimita o espazo prohibido (vao permanente), e no lateral de apertura do portalón ampliando con marca vial amarela lonxitudinal continua (3,00 m) para facilitar a saída ou acceso de vehículos, según consta no citado informe.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Vista a **proposta** do Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 12/06/2017, no que propoón a inscrición dun vehículo todoterreo C6628BY cedido pola Consellería do Medio Rural.

Vista a Orde do 15 de marzo de 2017 da Consellería do Medio Rural, pola que se **acorda** a cesión en propiedade de vehículos motobomba a diversos concellos, na cal se recolle que se lle cede ao Concello de Riveira o vehículo con matrícula C6628BY para a realización das tarefas de prevención e defensa de incendios (DOG 31/03/2017, núm. 64)

Vista a "Acta de cesión en propiedade de 1 camión todoterreo forestal para a extinción de incendios forestais con destino ao Concello de Riveira", asinada o





24/05/2017 entre a Secretaria Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e o Alcalde do Concello de Riveira, en referencia ao vehículo con matrícula C6628BY

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Que se proceda a inscribir a nome do Concello de Riveira o citado vehículo, cedido en propiedade pola Consellería do Medio Rural a este Concello.
- b) Realizar os trámites necesarios para o cambio de titularidade do citado vehículo ante a Dirección Xeral de Tráfico, para o que haberá que aboar unha taxa por importe de 53,40 €

2.- ACORDO DE ORDENACIÓN DE TRÁFICO NA RÚA DORNA (CASTIÑEIRAS)

Visto o **informe** presentado pola Policía Local, de data 09/06/2017 (Rexistro de saída P.L. nº 783/17, de data 12/06/2017), relativo a ordenación de tráfico na Rúa Dorna (Castiñeiras), a petición do Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, en data 08/06/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Que se proceda a regular a circulación rodada nun só sentido e o estacionamento nunha soa marxe, según o sinalado no citado informe policial.


O sentido de circulación deberá ser desde o cruce coa Rúa Fonte Nova hacia o cruce coa Rúa Concha, e o estacionamento só será posible na marxe esquerda.


Polo tanto, a sinalización necesaria para ordenar o tráfico deste xeito será a seguinte:

- Sinal de "**entrada prohibida**" que se ubicará na esquina esquerda o máis próximo posible á Rúa Concha.
- Sinal de "**prohibido aparcarse**" que se instalará na marxe dereita o máis próximo posible ao cruce coa Rúa Fonte Nova.

3.- CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE TAXI Nº 21 A FAVOR DO CONDUTOR ASALARIADO D. ALFONSO ANTONIO CASANOVA VIGO

VISTA a solicitude presentada por D. Victor Gabriel González Argibay, DNI nº 52.937.071-H, con data 9 de xuño de 2017 (registro de entrada nº 9.832) no senso de que se proceda ó cambio de titularidade de taxi nº 21 a favor do condutor asalariado D. Alfonso Antonio Casanova Vigo, DNI nº 52.458.471-W.





CONSIDERANDO o disposto no artigo 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia, modificada pola Lei13/2015, de 24 de decembro, de medias fiscais e administrativas.

ACREDITADO o cumprimento dos requisitos para autorizar a devandita transmisión ós efectos previstos no apartado 3 de devandito artigo 17 da Lei 4/2013 e considerando o disposto no apartado 5 do mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Autorizar a transmisión da titularidade de taxi nº 21 de D. Victor Gabriel González Argibay, DNI nº 52.937.071-H, a favor do condutor asalariado D. Alfonso Antonio Casanova Vigo, DNI nº 52.458.471-W.

Segundo:-Remitir unha copia da solicitude de transmisión e da documentación existente á Dirección Xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia ós efectos da emisión de informe, no prazo dun mes, sobre a procedencia de transmitir a autorización interurbana de taxi.

Terceiro:-Notificar o presente acordo ó interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto:-Facultar tanto ó Sr. alcalde-presidente como ó concelleiro delegado de tráfico tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

4.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.


Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais e Promoción Social, M^a Esther Patiño Rey**, de data 13/06/2017, en relación á Orde do 9 de maio de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras de RISGA, para o exercicio 2017. (DOG 22/05/2017, núm. 96)

Vistos o informe da xefa de servizo do departamento de Servizos Sociais deste Concello de data 13/06/2017, no que informa que "Segundo datos obrantes neste servizo municipal, a data de hoxe temos de alta 38 persoas perceptoras da Renda de Inclusión de Galicia no Concello de Riveira en vigor a data 31 de decembro de 2016, das cales, 4 persoas estarían en situación de suspensión, e alomenos 34 persoas con dispoñibilidade de acollerse a esta orde de convocatoria".

Visto o artigo 2. da citada orde, ao tramo que vai de 11 a 50 persoas perceptoras de RISGA correspóndenlle 5 contratacións.

Vista a documentación que consta no expediente.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención para a contratación temporal de 5 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, ao 75% da xornada, durante 7 meses, para a realización da seguinte obra/servizo:

“Brigada de mantemento, mellora e limpeza de vías e áreas verdes municipais”,

Segundo.- Facer constar que as retribucións dos traballadores a contratar serán as que figuran no Orzamento Municipal, de aplicación ao persoal laboral do Concello.

Terceiro.- Segundo informe do interventor municipal de data do 13/06/2017, no actual Orzamento Municipal, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento dos custos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratacións temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras de RISGA, ao abeiro da Orde do 9/05/2017, publicada no DOG, número 96, de data 22/05/2017.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e dez minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 15 de xuño de 2017

O presidente da sesión

María Herminia Pouso Maneiro

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

